

## **Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica**

### **Índice de contidos:**

1. Introducción
2. Estrutura das palabras
  - 2.1. Definición e clases de palabras
  - 2.2. Tipos de morfemas. A análise morfolóxica
    - 2.2.1. Morfemas léxicos ou lexemas
    - 2.2.2. Morfemas gramaticais
3. Formación de palabras
  - 3.1. Orixe do léxico (etimoloxía da lingua galega)
    - 3.1.1. Elementos de substrato
    - 3.1.2. Elementos de superestrato
    - 3.1.3. Palabras patrimoniais, cultas e semicultas
  - 3.2. Formación de palabras por procedementos internos
    - 3.2.1. A derivación
    - 3.2.2. A composición
    - 3.2.3. A parasíntese
  - 3.3. Os préstamos
    - 3.3.1. Os castelanismos: fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos
  - 3.4. Outros procedementos de formación de palabras
    - 3.4.1. Onomatopeas
    - 3.4.2. Abreviacións

## 1. Introducción

Con esta unidade abordamos o estudo morfolóxico da lingua galega. Centrarémonos nos elementos que deron orixe ao léxico galego, así como aos constituíntes que hoxe estruturan e forman as palabras que utilizamos comunmente.

Lembra que...:

No curso pasado, iniciamos este mesmo estudo morfolóxico da lingua galega, que desenvolvemos nas unidades 5, 6 e 7.

Se tes ocasión, consulta novamente este material, que che ha servir para recoñecer e distinguir as distintas categorías ou clases de palabras que analizaremos con maior detalle nesta unidade.

## 2. Estrutura das palabras

### 2.1. Definición e clases de palabras

A palabra é unha unidade lingüística da primeira articulación (posúe significado e significante) constituída por un ou varios morfemas, como veremos a continuación. Caracterízase pola súa *mobilidade* no discurso, polo *carácter inseparable* dos seus elementos e a *orde fixa* dos morfemas que a constitúen.

A mobilidade fai referencia a que a mesma palabra pode ocupar distintas posicións no discurso: *onte veu Xoán*, *Xoán veu onte*, *veu onte Xoán*. O carácter inseparable e a orde fixa refírese a que non é posible nin separar as compoñentes internas dunha palabra nin ordenalas doutra maneira. Por exemplo: *daquela eramos novos*, pero non *daquela \*eranovos \*mos*.

Lembra que...:

As unidades da primeira articulación son os morfemas, as palabras, as frases, as cláusulas e as oracións.

O fonema, que estudamos no tema anterior, é a unidade básica da segunda articulación (non posúe significado, só significante).

Ao conxunto de palabras que constitúe unha lingua denomínaselle *corpus léxico*. A parte da gramática que estuda o significado do léxico é a *semántica* (que estudaremos en unidades posteriores), pero a que se encarga da forma das palabras (de como se constrúen, de onde proceden, etc.), como sabemos, é a *morfoloxía*.

As palabras adóitanse clasificar, como xa vimos no curso pasado, nas categorías xerais seguintes: substantivos, adxectivos, verbos, adverbios, preposicións, conxuncións, artigos, demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos, exclamativos e interrogativos.

Esta clasificación realízase atendendo aos tres criterios básicos que sinalamos a continuación:

**Semántico:** as palabras clasifícanse nalgúns das categorías anteriores atendendo o significado xenérico que expresan.

**Funcional:** ou sintáctico, as palabras defínense de acordo coa función que desempeñan normalmente na cadea sintáctica.

**Formal:** ou morfolóxico, dependendo dos tipos de morfemas que conforman a estrutura interna de cada clase de palabras.

De todos tres criterios, á hora de identificar clases de palabras o máis fiable é o formal. De feito, se observamos o criterio semántico, podemos comprobar que existen palabras que se sitúan nunha categoría de palabras pero expresan propiedades doutra. Por exemplo, os verbos son o conxunto de palabras que expresan accións, pero temos que existen substantivos como *negación* ('acción de negar') que se poden definir baixo este parámetro; tamén o substantivo *brancura* ('calidade de branco') expresa unha propiedade característica dos adxectivos. Ademais, desde o punto de vista funcional, pensemos que unha mesma clase de palabras pode desempeñar diversas funcións nunha oración, e viceversa, unha función pode ser desempeñada por diversas clases de palabras.

Na presente unidade, ademais, estudaremos os principais factores que interveñen na constitución do corpus léxico da lingua galega:

- por etimoloxía (orixe do léxico)
- por formación de novas palabras a partir doutras xa existentes (a través de mecanismos que xa dispón a propia lingua)
- por incorporación de palabras novas procedentes doutras linguas (préstamos)
- por onomatopeas
- por abreviación

## 2.2. Tipos de morfemas. A análise morfolóxica

O **morfema** é a unidade mínima dotada de significado e de significante. Se tomamos como exemplo a palabra *gatos*, podemos observar que está construída polos seguintes morfemas: o primeiro, *gat-*, infórmanos do significado léxico, é dicir, do contido significativo da palabra; os restantes morfemas infórmannos do significado gramatical, de xeito que o segundo morfema, *-o-*, nos ofrece información respecto do sexo do animal, neste caso, 'macho'; o último morfema, *-s*, infórmanos sobre o número de animais a que estamos facendo referencia (máis de un).



referente

gat-	'animal', 'domesticable', 'felino'	(sfdo. léxico)
-o-	'macho'	} (sfdo. gramatical)
-s	'plural'	

significante: /g/-/a/-/t/-/o/-/s/ (fonemas) gatos (grafemas)

O significado da palabra, pois, refírese a 'máis de un animal domesticable da clase dos felinos'. O significante constitúeno os fonemas que compoñen a palabra /gatos/, ou os grafemas que empreguemos para escribir a palabra (gatos). A imaxe do animal en si mesmo, como elemento do universo extralingüístico, constitúe o referente.

A parte da gramática que se encarga do estudo da estrutura das palabras, da análise do morfema ou morfemas que as constitúen é a *morfoloxía*.

Os morfemas poden estar formados por un ou varios fonemas.

Exemplos de morfemas constituídos por un fonema: *a* (prep.), *e* (conx.), *-o* (formante de xénero), *-a* (formante de xénero), *-s* (formante de número), etc.

Exemplos de morfemas constituídos por varios fonemas: *pan*, *sal*, *andel*, etc.

Un só morfema pode constituír unha soa palabra, como é o caso dos exemplos anteriores (*pan*, *sal*, *luz*, *con*, *andel*), ou unirse a outro ou outros morfemas para compoñer unha palabra: *pan-adeir-o*, *em-pan-ar*, etc.

Existen dous grandes tipos de morfemas: *morfemas léxicos* ou *lexemas* e *morfemas gramaticais*:

**2.2.1. Morfemas léxicos ou lexemas:** son os morfemas que presentan significado referencial (remite á realidade extralingüística). Neles atópase o significado central, que é común a todas as palabras da mesma *familia léxica*. Este significado atópase nos substantivos, adxectivos e nos verbos. Exemplos: **nen**o, **nen**a, **nen**ez, **pan**, **pan**adeiro, **pan**adería, **empan**ar, etc.

**2.2.2. Morfemas gramaticais:** son os que ofrecen o contido gramatical das palabras (xénero, número, tempo, persoa, modo e aspecto) e serven para modificar ou relacionar o significado dos outros morfemas. Existen dous tipos de morfemas gramaticais:

2.2.2.1) Morfemas **libres** (cando constitúen por si mesmos palabras, como as preposicións, conxuncións, pronomes, etc.)

2.2.2.2) Morfemas **ligados ou trabados** (cando van soldados a morfemas léxicos, cos cales forman palabras). Hai dous tipos de morfemas ligados:

A) Morfemas **flexivos ou desinenciais**: indican o *xénero* e o *número* das palabras nos substantivos, adxectivos, determinantes e algúns pronomes, e o *tempo*, *modo*, *aspecto*, *número* e *persoa* nos verbos. Permiten clasificar as palabras en categorías *variables*, sexan nominais (nomes, adxectivos, pronomes e determinantes) ou verbais (verbos), ou *invariables* (adverbios, preposicións e conxuncións). Sitúanse sempre na parte final da palabra.

Repara en que...:

O mesmo morfema pode aparecer con *marcas* (ou *morfos*) distintas segundo as palabras de que forme parte; ao conxunto das diferentes marcas que realiza o mesmo morfema chámanse *alomorfos*.

Por exemplo, para formar o plural utilízanse distintos procedementos morfolóxicos (-s, -is, -es, -Ø), que non son senón varias *marcas* ou *morfos* dun mesmo morfema. En conxunto, constitúen *alomorfos* de plural:

-s:        casa → casas; camión → camións  
-is: azul → azuis; tendal → tendais  
-es:        fel → feles; dócil → dóciles  
Ø:        lapis → (os) lapis

Ten en conta que o signo Ø é o *morfema cero*, que indica a ausencia de marca de morfema flexivo; débese ter en conta que o *morfema cero* é tan significativo como os propios alomorfos.

Morfología nominal	Morfema léxico	Morfemas gramaticais	
	Categorías nominais	Xénero	Número
	nen-	-o-	-s
	nen-	-a-	-s
Morfología verbal	alt-	-o	Ø
	Morfema léxico	Morfemas gramaticais	
	Categorías verbais	Tempo/modo/aspecto	Número/persoa
	and + (a)	-re-	-mos
	varr + (e)	Ø	-s
	part-	-a-	-des

B) Morfemas **derivativos ou afixos**: son os que se engaden ao lexema para formar derivados. Estes morfemas constitúen o procedemento máis habitual e efectivo de formación de palabras; son moitos e posúen múltiples valores significativos. Segundo a súa posición dentro da palabra, distínguese entre os *afixos* (prefixos e sufixos) e os *infixos* (interfixos):

B.1) **Prefixos**: sitúanse antes do lexema. Teñen significados variables de negación (*a/an-*), anterioridade (*ante-, pre-*), interioridade (*intra-, en/em-*), etc., e caracterízanse porque non cambian nin a referencia nin a categoría gramatical da palabra da que derivan, só varían ou matizan o seu significado. Exemplo: *inútil, analfabeto*, etc.

Prefixo	Significado	Exemplos
<b>a-</b>	'negación, privación'	<b>amoral, ateo</b>
<b>ad-</b>	'ao lado'	<b>adxunto, adxectivo</b>
<b>bi-</b>	'dúas veces, dous'	<b>bilingüe, bígamo</b>
<b>biblio-</b>	'libros'	<b>bibliografía, biblioteca</b>
<b>des-</b>	'contrario de'	<b>despegar, desfacer</b>
<b>pre-</b>	'anterioridade'	<b>predicir, prehistoria</b>
<b>re-</b>	'repetición'	<b>refacer, retorcer</b>
<b>tri-</b>	'tres veces, tres'	<b>triloxía, tricampión</b>

B.2) **Sufixos**: sitúanse despois do lexema. Posúen distintos significados, e distínguese entre os *apreciativos* e os *non apreciativos* ou *alterativos*:

i) *non apreciativos*: engaden significados abstractos e modifican a referencia e a categoría gramatical da palabra da que proceden (son transcategorizadores). Exemplos:

Significado	Sufixo	Exemplos
'conxunto ou colectivo, abundancial'	<b>-ame</b>	dentame, enxame
	<b>-al</b>	Pombal, piñeiral
	<b>-ado/a</b>	profesorado, alameda
	<b>-eiro/a</b>	cancioneiro, carballeira
	<b>-axe</b>	plumaxe, equipaxe
'de acción ou proceso'	<b>-ción/sión</b>	alteración, agresión
	<b>-mento</b>	casamento, pagamento
	<b>-dura/tura</b>	andadura, licenciatura
'locativo '	<b>-ería/aría</b>	panadaría, confeitaría
'profesións'	<b>-án</b>	tecelán, artesán

ii) sufixos *apreciativos* ou *alterativos*: son un conxunto de sufixos que dotan a palabra de matices de afectividade. Son de diverso tipo: aumentativos, diminutivos e despectivos. Non modifican a referencia nin a categoría gramatical da palabra da que proceden e varían substancialmente o significado.

Para expresar diminución (**diminutivos**):

**-echo/a** gordecho  
**-elo/a** cadelo  
**-ete/a** banqueta  
**-iño/a** rapaciña  
**-ico/a** burrico  
**-ocho/a** delgadocho  
**-olo/a** raiola  
**-ote** cachote  
**-ucho/a** papelucho

Para expresar aumento (**aumentativos**):

**-ón/ona** mullerona  
**-azo/a** cochazo, bombazo

Para expresar desprezo (**despectivo**):

**-aco/a** paxarraco  
**-acho/a** fiacho  
**-exo** lugarexo  
**-uco/a** casuca  
**-ucho/a** quartucho  
**-uzo/a** xentuza  
**-allo/a** espantallo  
**-oupo/a** casoupa

B.3) **Infixos** ou interfixos: sitúanse entre o lexema e os afijos. Son elementos de unión que constitúen unha categoría especial posto que carecen de significado e, polo tanto, non poden considerarse morfemas. Exemplo: café-**c**-iño, fum-**ar**-eda, etc.

Debes saber que...:

Todas as palabras que comparten un **mesmo lexema** forman unha **familia léxica**. Por isto, comparten unha parte do seu significado.

Por exemplo, se tomamos o lexema *pan*, temos que todas as palabras que compartan este lexema van pertencer á mesma familia léxica, en casos como *panadeiro*, *empanada*, *empanar*, *panadería*, *panificar*, *panificadora*, etc.

Lembra que...:

Os sufixos non apreciativos son **transcategorizadores**, é dicir, dan lugar a novas palabras que posúen distinto significado e pertencen a outra categoría ou clase de palabra distinta, pero que pertencen á mesma **familia léxica**:

rapaz (individual)	→	rapazada (colectivo)	
claro (adxectivo)	→	claridade (substantivo)	
terra (substantivo)	→	enterrar (verbo)	
pan (substantivo)	→	empanado (adxectivo)	→ empanar (verbo)
conversa (substantivo)	→	conversador (adxectivo)	→ conversar (verbo)
lousa (substantivo)	→	enlousado (adxectivo)	→ enlousar (verbo)

### 3. Formación de palabras

#### 3.1. Orixe do léxico (etimoloxía da lingua galega)

O *estrato* é a base dunha lingua, é aquela variedade lingüística que dá orixe á maior parte do seu léxico, así como das súas estruturas sintácticas e gramaticais. No caso das chamadas linguas románicas (castelán, catalán, galego, italiano, etc.), a lingua de estrato é o latín, que foi introducido na Península Ibérica coa romanización a partir do século I (d.C.).

A introdución do latín, como é lóxico, fíxose en detrimento das outras linguas que xa se utilizaban con anterioridade nos distintos territorios conquistados polos romanos (cuxas linguas constitúen os elementos de substrato). No caso do noroeste peninsular, os pobos prerromanos eran os lígures e os celtas fundamentalmente, que comezaron a adoptar o latín como lingua de uso. Aínda así, existen algunhas palabras chegaron ata nós e que se conservan na nosa lingua, como veremos.

Cando tivo lugar a caída do Imperio Romano, perdeuse o control das distintas zonas conquistadas e estas comunicativamente foron desenvolvendo ao longo dos séculos unhas variedades que, aproximadamente no século VIII, nos permiten recoñecer como linguas independentes. Nace o galego-portugués, o castelán, o catalán, o asturiano, o gascón, o provenzal, o toscano (lingua que deu lugar ao italiano actual), etc.


No territorio peninsular do noroeste, ademais, interveñen outros pobos que se introduciron despois da caída do Imperio Romano (principalmente xermanos e árabes), que tamén afectaron á evolución da lingua galega (elementos de superestrato).

##### 3.1.1. Elementos de substrato

As pegadas das linguas anteriores ao latín que chegaron até o galego de hoxe denomínanse *elementos de substrato*. O substrato divídese en dúas familias.

- **Linguas preindoeuropeas:** son as máis antigas, e teñen a súa orixe nos sistemas de comunicación da idade de pedra.





- **Linguas indoeuropeas:** trátase de linguas máis recentes, que nos deixaron algunhas palabras relacionadas cos pobos celtas. Destas linguas proceden moitas palabras comúns referidas a plantas e animais (*carballo*, *amieiro*, *bidueiro*, *rodaballo*, etc.), relacionados coa vida doméstica e agrícola (*cabana*, *cabazo*, *carro*, *gándara*, *veiga*, *billa*, *burato*, *berce*, etc.) e topónimos (*Barallobre*, *Sillobre*, *Sar*, etc.).

### 3.1.2. Elementos de superestrato

Despois de caer o Imperio Romano, polo territorio galego pasaron diversos pobos que, sen chegar a substituír o latín, deixaron palabras, nomes de persoa e de lugar, sufixos, etc. Son estes elementos incorporados á nosa lingua despois da romanización os que reciben o nome de *superestrato*. Os principais que ten o léxico galego son o xermánico e o árabe.

- **Xermánico:** produciuse durante os reinos suevo e visigodo, ao longo dos séculos V, VI e VII. Deixou restos en diversos terreos:
  - Na **onomástica:** *Afonso, Alberte, Elvira, Gonzalo, Henrique*
  - Na **toponimia:** presentan as terminacións específicas seguintes:
    - ar: *Baltar, Gondomar*
    - mil: *Amil, Samil, Castromil*
    - riz / -ris : *Allariz, Guitiriz, Mondariz, Aldarís*
    - monde / -munde: *Baamonde, Rocamonde, Sismundi*
    - rei / -ei: *Forcarei, Guimarei*
    - áns / -ás / -an: *Goián, Bertamiráns, Ramirás*
    - ulfe / -ufe / -oufe: *Randulfe, Adoufe*
  - No **léxico común:** palabras de uso cotiá e tamén relacionadas coa actividade guerreira: *guerra, agasallar, pote, bando, xardín, falcatrúa, frecha, gabarse, gañar, roubar, helmo, laverca*.
- **Árabe:** introduciuse na lingua a partir do século VIII e, en moitos casos, penetrou no galego a través do castelán ou do portugués, xa que o contacto directo do pobo árabe con Galicia foi moi escaso. De todos xeitos, quedaron elementos de superestrato árabe.



– Na **Toponimia**

*Sada                      A Mezquita                      Rábade                      Almuíña                      Atalaia*

– No **léxico común**

*laranxa                      xinete                      maquía                      azucre*  
*arroz                      albanel                      alicerce                      alcalde*

### 3.1.3. Palabras patrimoniais, cultas e semicultas

Como dixemos, a maioría das palabras do galego proceden do latín, pero non todas as palabras latinas que hai no galego se introduciron do mesmo xeito. De acordo coa evolución das palabras latinas presentes na nosa lingua, distinguimos tres grupos: *patrimoniais, cultas e semicultas*.

**Palabras patrimoniais, popularismos ou patrimonialismo:** forman parte do noso léxico desde a época da colonización romana. Son as palabras máis vellas e constitúen un conxunto moi numeroso. Experimentaron todas as evolucións (fonéticas e morfolóxicas) que se produciron no paso do latín ao galego ao longo dos séculos e de xeración en xeración. As principais transformacións son:

LATÍN	GALEGO	EXEMPLOS
-n-, -l- intervocálicos	ø	CENA > cea; MOLA > moa
[p, t, k] intervocálicos	[b, d, g]	LUPU > lobo; FOCU > fogo
pl-, fl-, cl- iniciais	ch-	PLUVIA > chuvia; FLAMMA > chama
-ct-	-it-	TECTU > teito; LACTE > leite

Exemplos:

**cheo** que vén do latín PLENUM  
**enteiro** que vén do latín INTEGRUM  
**ollo** que vén do latín OCULUM  
**leite** que vén do latín LACTEM  
**orella** que vén do latín AURICULAM

**Palabras cultas ou cultismos,** tiveron unha incorporación máis tardía e practicamente non sufriron evolución con respecto á súa forma latina orixinal. Aparecen en rexistros cultos.

Exemplos:

**pleno** que vén do latín PLENUM  
**íntegro** que vén do latín INTEGRUM  
**óculo** que vén do latín OCULUM  
**lácteo** que vén do latín LACTEM  
**aurícula** que vén do latín AURICULAM

**Palabras semicultas ou semicultismos,** son palabras que entraron no idioma despois de que se formase e, aínda que sufriron transformacións, por ser de uso culto e, polo tanto, de escasa utilización, estas non foron tan intensas coma nas palabras patrimoniais.

Exemplos:

**praga** que vén do latín PLAGAM

**fraco** que vén do latín FLACCUM

Ao existiren palabras cultas, semicultas e patrimoniais derivadas da mesma base latina, orixínanse *familias léxicas* irregulares:

NOITE > *noitiña, anoitecer, nocturna, noctámbulo, nocturnidade*, etc.

LÚA > *luar, luada, lunar, lunático, aluaxe*, etc.

### 3.2. Formación de palabras por procedementos internos

O léxico non é inalterable nin fixo; ao longo do tempo vai experimentando transformacións, hai palabras que deixan de utilizarse, outras evolucionan e modifícanse, e tamén se incorporan palabras novas.

Un dos fenómenos que se producen nas linguas é a construción de palabras a partir das xa existentes, para o cal se coñecen tres procedementos: *derivación, composición e parasíntese*.

#### 3.2.1. A derivación

A derivación é o procedemento de formación de palabras consistente en engadirlle a un lexema prefixos e/ou sufixos.

Fíxate neste grupo de palabras: **pan**, **panadeiro**, **panadería**, **empanar**, **empanada**, **panificadora**, etc.

Como ves, todas elas teñen unha parte común (**pan**) que é o seu *lexema* ou *raíz*.

As demais palabras formáronse engadindo *morfemas derivativos* (*afixos e infixos*) a un lexema, procedemento que xa comentamos.

Lembra que...:

Os procedementos derivativos máis comúns son a prefixación e a sufixación. Como dixemos, os *prefixos* colócanse diante do lexema para formar palabras novas. Recorda que os *suffixos* van detrás do lexema para formar palabras novas.

#### 3.2.2. A composición

Fíxate agora na formación destoutro grupo de palabras:

xordo + mudo = **xordomudo**

tapa + cubos = **tapacubos**

afía + lapis = **afialapis**

A composición é un procedemento de formación de palabras novas consistente na unión de dúas ou máis palabras ou morfemas léxicos.

As palabras compostas escríbense xeralmente sen guión; unicamente levan guión os compostos ocasionais, non fixados na lingua (*histórico-político*) ou de orixe estranxeira non adaptados (*foie-gras, fox-terrier*).

Repara en que...:

Os compostos sen guión actúan, a efectos de acentuación, como se se tratasen dunha soa palabra porque, de feito, si o son (palabras compostas). As palabras compostas unidas por guión, en cambio, actúan como se fosen dúas palabras separadas (*lúdico-festivo*).

Moitos termos compostos que se utilizan na terminoloxía técnica e científica están formados pola combinación de raíces de orixe grega ou latina que non adoitan ter a posibilidade de apareceren formando unha palabra independente. Coñécense como *compostos eruditos*:

<i>oftalmoloxía</i> :	oftalmo (ollo) + loxía (tratado)
<i>hidrófugo</i> :	hidro (auga) + fugo (que fai fuxir)
<i>bípede</i> :	bi (dous) + pede (pé)

### 3.2.3. A parasíntese

Aínda que ás veces se considera un terceiro mecanismo de formación de palabras, a parasíntese é en realidade un tipo especial de derivación, no que se dá, á vez, prefixación e sufixación ou composición e derivación.

Fíxate nos exemplos:

*pica + pedra + eiro = Picapedreiro* (\*picapedra/\*pedreiro)  
*a + claro + ar = aclarar* (\*aclaro/\*clarar)  
*sete + mes + iño = setemesiño* (\*setemés/\*mesiño)

Non se debe confundir este mecanismo de formación de palabras con aquelas en que só se dá primeiro prefixación e despois sufixación (ou viceversa), en cuxo caso **non** estaríamos ante parasíntese:

*militar* → *militarista* → *antimilitarista*  
*nome* → *pronome* → *pronominal*

### 3.3. Os préstamos

Cando aos usuarios dunha lingua lles cómpre nomear novas realidades, poden recorrer a palabras doutras linguas. Estas palabras denomínanse *préstamos* ou *empréstitos* e incorporámolos para designarmos conceptos, ideas, obxectos, seres, etc., anteriormente descoñecidos para nós.

Normalmente os préstamos clasifícanse en:

- **Préstamos necesarios:** son aqueles que se introducen na lingua ante necesidade real de designar novos conceptos e obxectos. Poden adoptar tres formas:
  - **Inalterados** ou **estranxeirismos:** manteñen a grafía e fonética estranxeiras: *software* (ing.), *naïf* (fr.), *adagio* (it.), *kitch* (al.)
  - **Adaptados:** acomodan a grafía e fonética ao galego: *penalti* (<ing.), *clixé* (<fr.), *karate* (<xap.), *escaparate* (hol.)
  - **Calcos:** traducións literais das voces estranxeiras: *baloncesto* (*basketball*), *rato* (*mouse*, referido ás computadoras), *rañaceos* (*skyscraper*), *balonmán* (*handball*).

Velaquí tes un cadro coas principais linguas que achegaron voces ao galego.

LINGUA DE ORIXE	PRÉSTAMO
Francés (galicismos)	<i>chaqueta, hotel, bombón, bechamel, garaxe, burocracia, sofá, flan, bricolaxe, menú</i>
Inglés (anglicismos)	<i>folclore, córner, chárter, stop, hamburguesa, bit, pudín</i>
Italiano (italianismos)	<i>acuarela, sentinela, terceto, piloto, espagete, pizza, capitán</i>
Alemán (xermanismos)	<i>cuarzo, cinc, níquel, bigote</i>
Portugués (lusismos)	<i>reflectir, orzamento</i>
Castelán (castellanismos)	<i>tortilla, bocadillo, desaire, guerrilla, zarzuela</i>
Catalán (catalanismos)	<i>fideo, cantimplora, capicúa, nao, paella, ensaimada</i>
Éuscaro (vasquismos)	<i>angula, chistera, boina, chabola</i>
Linguas amerindias	<i>chocolate, cacao, puma, canoa, cóndor, manís, tomate</i>

- **Préstamos innecesarios ou barbarismos:** son aqueles que non responden a unha necesidade real de designación posto que xa o idioma posúe termos de seu. Algúns empréganse pola *interferencia* de linguas en contacto, como ocorre en galego co castelán: *\*rodilla* (castelán) por *xeonllo* (galego), *\*iglesia* por *igrexia*, *\*pueblo* por *pobo*, etc. Outros pola influencia dunha lingua en expansión por motivos comerciais, culturais, etc., como acontece co inglés: *\*parking* por *aparcadoiro*, por exemplo. É obvio que estas formas son espurias e deben ser evitadas.

### 3.3.1. Os castellanismos

No caso particular do galego, debemos facer especial mención ao fenómeno de contacto lingüístico que se produce co castelán. Derivado desta situación, o castelán vai recibir palabras do galego (galeguismos) e viceversa, o galego vai recibir palabras procedentes do castelán (castellanismos). Debido á gran cantidade de interferencias que se producen, introdúcense no galego moitas máis palabras procedentes do castelán do que realmente é necesario, que acaban substituíndo as formas propias galegas. Este tipo de préstamos innecesarios reciben o nome de *castellanismos plenos*. Poden contabilizarse por milleiros e constitúen a ameaza máis seria para a continuidade das formas autóctonas do galego.

Dos castellanismos que se utilizan na actualidade non todos presentan o mesmo grao de implantación (e, polo tanto, o mesmo grao de dificultade para a súa eliminación), xa que uns están moito máis estendidos ca outros.

Podemos agrupar os castellanismos en varios tipos segundo a súa natureza sexa fonética, morfolóxica, sintáctica ou léxica. A continuación estudaremos polo miúdo os diferentes tipos de castellanismos.

Ten en conta que as formas que aparecen con asterisco (\*) son os castelanismos plenos e, polo tanto, formas incorrectas que debemos evitar.

### **Castelanismos fonéticos**

Son os menos numerosos, xa que se dan en moi poucos falantes. Repara en que só podemos falar de castelanismos fonéticos naquelas persoas que non posúen un sistema vocálico de sete elementos, isto é, que non diferencian entre as vogais medias abertas (/ɛ/ e /ɔ/) e as vogais medias pechadas (/e/ e /o/).

Estas persoas van pronunciar igual “vén” do verbo vir (con vogal media aberta /ɛ/) que “ven” do verbo ver (con vogal media pechada /e/); ou tamén van pronunciar igual “óso” do esqueleto (con vogal media aberta /ɔ/) que “oso” mamífero (con vogal media pechada /o/).

### **Castelanismos morfolóxicos**

Afectan sobre todo aos nomes e aos verbos. Nos nomes son abundantes dous tipos de castelanismos:

1) Os castelanismos que afectan ao xénero (por exemplo: \*a sangue / o sangue, \*a leite / o leite, \*o viaxe / a viaxe, \*a mel / o mel, \*a nariz / o nariz).

2) Os castelanismos que afectan ao número (por exemplo: \*as leises / as leis, \*os caracoles / os caracois).

Nos verbos podemos sinalar varios tipos de castelanismos moi frecuentes:

1) A utilización incorrecta de tempos compostos co verbo “haber” no canto das formas simples galegas (por exemplo: \*había camiñado moito / camiñara moito).

2) A conxugación incorrecta dos verbos irregulares (por exemplo: \*andiven / andei, \*tuvén / tiven, \*sabrán / saberán, \*obedezco / obedezo, \*conduxen / conducín).

3) O emprego de verbos con valor reflexivo cando na nosa lingua non son reflexivos (por exemplo: \*sentouse no sofá / sentou no sofá, \*caeuse pola rúa / caeu pola rúa, \*casouse o sábado / casou o sábado).

4) O emprego da preposición *a* na perífrase IR + INFINITIVO (por exemplo: \*imos a ir ao cine / imos ir ao cine, \*van a facer unha viaxe / van facer unha viaxe).

### **Castelanismos sintácticos**

Aínda que non son moi numerosos, os máis frecuentes son os seguintes:

1) A non utilización do artigo acompañando o posesivo (por exemplo: \*meu compañeiro / o meu compañeiro).

2) A confusión entre os pronomes *te* (CD) e *che* (CI) (por exemplo: \*saudeiche / saudeite, \*dixéronte / dixéronche, \*vinche pola rúa / vinte pola rúa).

3) A colocación incorrecta dos pronomes átonos (por exemplo: \*Me chamas cando chegues / Chámame cando chegues, \*Nunca cómprache agasallos / Nunca che compra agasallos, \*Dille que quérolle pedir un libro / Dille que lle quero pedir un libro).

## Castelanismos léxicos

No léxico é sen dúbida ningunha onde se rexistra o maior número de castelanismos, até tal punto que mesmo chegan a ser sentidos como formas propiamente galegas.

Convén ter presente que todos os castelanismos son rexeitables e que para falarmos correctamente debemos empregar as formas propias do noso idioma. Para o estudo dos castelanismos léxicos imos diferenciar varios grupos:

### 1) Castelanismo léxico que convive coa forma galega:

Nestes casos a forma galega vai restrinxindo o seu significado pola influencia da forma castelá. Os prexuízos diglósicos actúan sobre o léxico galego dificultando ou impedindo que a palabra tradicional teña lugar un cambio de expansión de significado para designar os novos obxectos e as novas realidades. A continuación ofrecémosche varios destes castelanismos moi estendidos:

billa (do viño, nos pipotes e bocois) / \*grifo (da auga)  
tixola (para a de ferro) / \*sartén (para as de material moderno)  
cana (talo das plantas) / \*caña (utensilio de pesca)  
moa (peza dental dos animais) / \*muela (peza dental das persoas)

### 2) Castelanismo que se expande sobre a forma galega:

Cando existen en galego dous sinónimos e un deles coincide co castelán, polo regular este é o que ten máis uso, mentres que a forma exclusiva do galego se vai perdendo ou ve como o seu significado vai sendo restrinxido aos poucos.

Un bo exemplo disto é o que acontece coa parella de palabras *beizos* e *labios*: *beizos* pasou a aplicarse só aos animais como sinónimo de *fociños* e reservouse *labios*, forma coincidente co castelán, para aplicalo ás persoas.

### 3) Introducción de formas castelás disfrazadas:

Introdúcense baixo a aparencia de galegas. Este tipo de castelanismos nace de transformacións fonéticas. Nestes casos, houbo un dobre proceso: a substitución do termo patrimonial pola palabra castelá e, a continuación, a adaptación do castelanismo á fonética galega.

Nos casos en que conviven as dúas formas, a galega ve restrinxido o seu significado. Por exemplo, emprégase a palabra *parella* para os bois, e o castelanismo \*parexa para as persoas.

coello / *conexo	parella / *parexa
antollo / *antoxo	baralla / *baraxa
concelleiro / *concexal	lentella / *lentexa

### 4) Castelanismo que substitúe a forma galega:

É o caso extremo. Nas zonas ou nos falantes máis castelanizados descoñécese a forma galega e séntese o castelanismo como voz propia do galego, isto é, como palabra patrimonial.

Deus / \*Dios  
xeonllo / \*rodilla  
igreja / \*iglesia

pobo / \*pueblo  
culler / \*cuchara  
rúa / \*calle

Nalgúns casos, os fonemas empregados xa os denuncia como alleos ao léxico galego, mais isto non impide a súa penetración na fala de moitos de nós. Aquí tes algúns exemplos:

xoves / \*jueves  
forte / \*fuerte

sorte / \*suerte  
exemplo / \*ejemplo

Neste tipo de castelanismos, xa non se dan nin a convivencia coa forma correcta da nosa lingua, nin tampouco o “enmascaramento” ou falsa adaptación como nos outros grupos que vimos de ver, e por iso reciben o nome de *castelanismos plenos*.

Os prexuízos lingüísticos condicionan o uso destes castelanismos de formas singulares, e así pode darse o caso de que un falante nun contexto concreto empregue as voces patrimoniais e ante determinados interlocutores pase a substituílas por castelanismos.

Lembra que...:

Todas estas palabras que che indicamos con asterisco son castelanismos e, polo tanto, *non se deben utilizar no noso idioma porque existen palabras propias que acabarían desaparecendo*.

### 3.4. Outros procedementos de formación de palabras

#### 3.4.1. Onomatopeas

É aquela palabra ou conxunto de palabras creadas convencionalmente cuxa pronuncia ten a finalidade de imitar o son que produce unha acción. Exemplos típicos son: *bum!*, *clic!*, *crac!*

É moi característico o uso das onomatopeas nos cómics, por exemplo, e tamén na linguaxe común para representar os sons que producen os animais. De feito, a orixe de moitos dos nomes que denominan o son que producen os animais é onomatopeica:

Abella: zumba, zoa.

Asno: ornea.

Avespa: zumba

Becerro: berra, brada.

Boi: brúa, brama, berra, brada, esborreca, mía.

Cabalo: rincha.

Cabra: bea, berra, mea.

Can: ladra, late, gruñe

Cordeiro: bea.

Corvo: corvea, croa.

Elefante: barrita.

Galiña: cacarexa.

Galo: canta, cacarexa.

Gato: miaña, bufa, rosma, roña.

Gorila: gruñe.

León: ruxe.

Lobo: ouvea.

Loro: rasquiza, croa.

Mono: berra.

Moucho: ouvea, oulea.

Oso: gruñe.

Ovella: bea, berra, mea.

Parrulo: gralla, corvea.

Paxaro: trila, chía, chirila, pía, rechouchía.

Pomba: arrola, rula.

Porco: ronca, ruxe.

Ra: croa.

Rinoceronte: barrita.

Serpe: asubía.

Vaca: brúa, brama, berra, brada, esborreca, mía.

#### 3.4.2. Abreviacións

Por economía lingüística, moitas veces créanse palabras novas por abreviación doutras xa existentes. Existen diversos tipos de abreviacións:



**Abreviacións comúns:** prodúcense cando se pronuncia só parte dela. Este procedemento utilízase sobre todo en niveis de lingua coloquiais aplicados tanto a nomes comúns como a nomes propios. Por exemplo: *poli* (policía), *profe* (profesor), *bici* (bicicleta), *tele* (televisión), *Barna* (Barcelona), *Ponte* (Pontevedra).

**Siglas:** abreviación dun sintagma que se forma unindo as letras iniciais de cada elemento do sintagma. Débense escribir todas as letras da sigla en maiúscula. Por exemplo: CD (do inglés *compact disc*, 'disco compacto'), ESO ('Educación secundaria obrigatoria'), ONU ('Organización das Nacións Unidas').



Moitas das siglas existentes na nosa lingua están lexicalizadas, é dicir, convertéronse xa en denominación común do sintagma que representan. Nestes casos, escríbense en minúscula. Exemplos: *láser* ('light amplification by stimulated emission of radiation'), *sida* ('síndrome de inmunodeficiencia adquirida'), *talgo* ('tren articulado lixeiro Goicoechea-Oriol').

**Acrónimos:** ao lado das siglas, existe outro procedemento de formación de palabras moi similar, que se forma cando un sintagma se abrevia pero tomando varias letras ou sílabas completas dunha ou de varias palabras que constrúen o enunciado. Estes débense escribir só en maiúscula a letra inicial. Exemplos: *Inem* (Instituto Nacional de Emprego), *Inserso* ('Instituto de Servizos Sociais'), *Sergas* ('Servizo Galego de Saúde').

Moitos acrónimos tamén se lexicalizan, de modo que se poden escribir en minúscula, como se dunha palabra común se tratase: *radar* ('radio detection and ranging'), *bit* ('binary digit'), *modem* ('modulator demodulator').

#### Repara en que...:

Ao lado das abreviacións, debes saber que existen as abreviaturas, que son as representacións escritas dunha palabra de maneira reducida, e seguidas de punto, para que resulten máis curtas no texto.

Por exemplo:

- antes de Cristo: a. C.
- Anno Dómini: A. D.
- administración: admón.
- etcétera: etc.
- primeiro: 1.<sup>o</sup>
- María: M.<sup>a</sup>